

A/A Inspección Educativa do Centro.....

Nome e apelidos: .....

DNI:..... Correo electrónico: .....

Nome do/a profesor/a .....

**EXPOÑO QUE:**

Coñecendo o programa de Alerta Escolar posto en marcha pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria en colaboración coa Fundación 061, que ten como obxectivo a atención inmediata e eficiente do alumnado que presenta unha patoloxía crónica e pode desenvolver en calquera momento unha crise, considero que é necesario:

**Informar** que o alumnado con enfermidades crónicas incluído no citado programa precisa atención e cuidados permanentes durante todo o horario escolar lectivo e non lectivo; atención que ten que ser brindada dunha maneira continuada durante toda a súa etapa escolar por persoal sanitario cualificado que coñeza o seu historial e as necesidades en saúde dese neno ou nena, e non por persoal docente que se poña en contacto telefónico puntual coa Central de Coordinación de Urgencias sanitarias de Galicia- 061, como recollen as guías de funcionamento do programa de Alerta Escolar.

**Remarcar** que as descompensacións con compromiso vital que poden padecer estes nenos e nenas con patoloxías crónicas requiren unha atención *in situ*, inmediata, onde a demora na mesma pode conlevar un risco para a vida do alumno, responsabilidade que non debe recaer no persoal docente, que carece da formación sanitaria esixible para estes casos.

**Insistir** na necesidade de que se dea unha resposta asistencial integral dentro do centro educativo aos diferentes problemas de saúde aguda e crónica, pluripatolóxicos e necesidades especiais que presenta a poboación escolar, tal e como se recolle no Plan Estratéxico Nacional da Infancia e Adolescencia que establece entre os seus obxectivos unha Educación de Calidade e unha Saúde Integral.

Por todo isto

**SOLICITO:**

A contratación dunha enfermeira escolar no centro.....,

que garanta que as necesidades sanitarias dos menores incluídos no programa Alerta Escolar sexan atendidas dentro do ámbito escolar por profesionais sanitarios.

Sinatura:

En ....., a ..... de..... de 2021.